



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 8 DE XUÑO DE 2020

LICENZAS

FAVORABLES.-

LAP/459/2019.- PIN CORUÑA, S.L.- Conceder licenza de obra nova para edificación destinada a residencia da terceira idade na rúa do Peregrino, 13.

LIC/1475/2019.- RICARDO EUGENIO CATOIRA VILAS.- Conceder licenza para rehabilitación de vivenda situada na planta 2ª e baixocuberta do edificio situado na rúa dos Lagartos, 11

LIC/2042/2018.- MARIA DEL CARMEN COSTOYA PIÑEIRO.- Conceder licenza para rehabilitación e ampliación de planta 2ª do edificio situado na rúa Home Santo nº 5-7.

LIC/998/2008.- PABLO ALVAREZ QUINTAS.- Conceder licenza para rehabilitación de edificio de planta baixa, planta alta e baixocuberta na Ruela de Conxo de Abaixo nº 1.

RECURSO DE REPOSICIÓN.-

LAP/494/2019.- JOSE MANUEL BERNARDEZ DEJUANE.- Estimar parcialmente o recurso de reposición formulado contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 24/10/2019 de suspensión do procedemento de solicitude de licenza, ordenando a tramitación do mesmo ao presentarse Proxecto modificado no que e renuncia ao uso de albergue destinando a edificación a restaurante e oficinas na rúa Fontiñas, 82.

2.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á concesión de licenza de obra nova para edificación destinada a residencia da terceira idade na rúa do Peregrino, 13. LAP/459/2019. Concédese a licenza.

3.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á concesión de licenza para rehabilitación de vivenda situada na planta 2ª e baixocuberta do edificio situado na rúa dos Lagartos, 11. LIC/1475/2019. Concédese a licenza.

4.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á concesión de licenza para rehabilitación e ampliación de planta 2ª do edificio situado na rúa Home Santo nº 5-7. LIC/2042/2018. Concédese a licenza.

5.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á concesión de licenza para rehabilitación de edificio de planta baixa, planta alta e baixocuberta na Ruela de Conxo de Abaixo nº 1. LIC/998/2008. Concédese a licenza.

6.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á estimación parcial do recurso de reposición formulado contra o acordo da sesión de 24/10/2019, de suspensión do procedemento de solicitude de licenza, ordenando a tramitación do mesmo ao presentarse proxecto modificado no que se renuncia ao uso de albergue destinando a edificación a restaurante e oficinas na rúa Fontiñas, 82. LAP/494/2019. Estímase parcialmente o recurso de reposición formulado contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 24/10/2019 de suspensión do procedemento de solicitude de licenza, ordenando a tramitación do mesmo ao presentarse proxecto modificado no que renuncia ao uso de albergue destinando a edificación a restaurante e oficinas na rúa Fontiñas, 82.

7.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa ao rexeitamento do recurso de reposición formulado contra o acordo da sesión de 20.01.2020, relativo á execución do aval prestado por INMOBILIARIA OUTEIRO DE SAR, S.A. para responder da urbanización do SUNP-31 (San Marcos). Acórdase rexeitar o recurso de reposición.

8.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á cesión gratuíta á Xunta de Galicia de solo para implantación dun centro público de atención integral de maiores no barrio do Castiñeiriño. Acórdase a cesión gratuíta de dúas parcelas propiedade do concello para a construción dunha residencia da terceira idade.

9.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á desestimación dun recurso de reposición interposto contra o acordo da sesión de 29.7.19, desestimatorio dunha bonificación no IBI. Acórdase desestimar o recurso de reposición, así como a solicitude de bonificación por non cumprir os requisitos esixidas pola normativa reguladora do imposto.

10.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á corrección de erros no punto 15 da sesión de 30.12.19, de bonificación no IBI. Acórdase a rectificación do acordo inicial de data 30 de decembro de 2019 de xeito que se concede unha bonificación no tramo 2 IPREM do 10% desde o 01/01/2020 ata o 19/06/2020 inclusive, sempre que se manteñan as demais condicións esixidas polo artigo 3.3 da Ordenanza fiscal 1.01. O mantemento, así como a porcentaxe de bonificación, de ser o caso, estará condicionada ao cumprimento dos requisitos esixidos para o seu desfrute que serán obxecto de revisión anual.

11.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á corrección de erros no punto 18 da sesión de 10.5.19, de exención no IBI. Acórdase conceder a exención do IBI nos dous inmobles solicitados, en tanto se manteñan as circunstancias que motivaron o seu outorgamento.

12.- Propostas da concelleira delegada de Facenda relativas á concesión de exencións nas taxas por saneamento e depuración de augas residuais, subministración de auga e conservación de contadores e por prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos. Acórdase conceder a exención solicitada a varios suxeitos pasivos polos periodos marzo-agosto (a unha parte) e febreiro-xullo (a outra parte), en tanto se manteñan as condicións que motivaron o seu outorgamento.

13.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente relativa á solicitude de axudas á Xunta de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos, a teor do establecido na orde do 5.5.20. Acórdase solicitar as citadas axudas (https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20200513/AnuncioG0532-050520-0001_gl.html) obxecto da convocatoria nas súas dúas liñas completas e polo importe máximo subvencionable.

- Importe máximo para a liña 1 – Actuación destinadas a favorecer a prevención, adecuada recollida, clasificación e preparación para a reutilización de residuos domésticos: 514.266,9 euros (30%)
- Importe máximo para a liña 2 – Actuacións destinadas á prevención, recollida separa e valorización de biorresiduos: 1.199.956,10 euros (70%)

14.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente relativa á solicitude de axudas á Xunta de Galicia para a contratación dos servizos de elaboración do Plan de actuación para o clima e a enerxía sustentable (PACES), no concello de Santiago, a teor do establecido na orde do 5.5.20. Acórdase solicitar as citadas axudas (https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20200514/AnuncioG0532-050520-0006_gl.html) obxecto da convocatoria por un importe de 14.999,16 euros.

15.- Proposta da concelleira delegada de Políticas de Igualdade relativa á aprobación do expediente, gasto e apertura do procedemento de adxudicación da prestación do servizo para a Coordinación e Funcionamento da Casa das Mulleres Xohana Torres, actuación que forma parte da EDUSI, cofinanciada polo FEDER no marco do programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020. Acórdase a aprobación do expediente de “Prestación do servizo para a coordinación e funcionamento da Casa das Mulleres Xohana Torres”, así como a aprobación do gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado, establecéndose un tipo de licitación de 41.322,31 euros, IVE aparte.

16.- Proposta da concelleira delegada de Educación, Mocidade, Políticas de Igualdade e Políticas Lingüísticas relativa á aprobación do expediente, gasto e apertura do procedemento de adxudicación da contratación dunha campaña nos centros de ensino para traballar a educación en igualdade e programas para a prevención da violencia de xénero en educación infantil, primaria, secundaria, formación profesional, bacharelato e educación especial nos cursos 2020/2021 e 2021/2022, actuación que forma parte da EDUSI, cofinanciada polo FEDER no marco do programa operativo plurirrexional de España 2014-2020. Acórdase a aprobación do expediente “Contratación dunha campaña nos centros de ensino para traballar a educación en igualdade e programas para a prevención da violencia de xénero en educación infantil, primaria, secundaria, formación profesional, bacharelato e educación especial”, así como a aprobación do gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado, establecéndose un tipo de licitación de 59.504,13 euros, IVE aparte.

17.- Dación de conta das actas do Centro de Coordinación Operativo Local. Dáse conta.

18.- Dar conta das Resolucións das Concellerías Delegadas. Dáse conta.

URXENCIAS

- 1. Aprobación da convocatoria de axudas para a hostalería e das bases reguladoras.** Apróbanse as bases da convocatoria de axudas para a mellora e innovación da restauración e hospedaxe compostelá do Plan de Reactivación do sector turístico. Son en total 100.000 euros en axudas, divididos en tres liñas de subvención.
- 2. Convalidación de contratos adxudicados por trámite de emerxencia.** Convalídase o seguinte contrato: “Subministración e instalación de mamparas como material de protección entre o persoal empregado dos centros socioculturais e doutras dependencias do Concello de Santiago e das persoas usuarias dos mesmos, adxudicado a MOUSE SANTIAGO por un prezo de 8.356,26 euros (IVE incluído).

3. Dación de conta do informe de xerencia de TUSSA sobre modificación do aforo no transporte público urbano. Dáse conta da modificación de aforo, co paso á fase 3, na que xa se poderán utilizar a totalidade dos asentos, aínda que, cando o nivel de ocupación o permita, procurarase a máxima separación entre as persoas usuarias.

4. Dación de contas de sentenzas e resolucións xudiciais. Dáse conta de_

- Sentenza 137/2020 sobre liquidación da taxa polo paso de vehículos do aparcadoiro do CHUS. Tómasse coñecemento da sentenza, que di que a taxa de litixio debe considerarse in situ no canon que satisfai a concesionaria, e ordenase a interposición de recurso de casación.
- Providencia do Tribunal Supremo do 13.05.2020 sobre Plan Parcial de solo Urbanizable delimitado nº 16 (SUD16) Agrá dos Campos Aríns. O TS acorda a non admisión do recurso de casación sinalando que a competencia correspondería ao TSXG, que na sentenza 27.06.2019, desestimaba o definitivamente o citado plan. A XGL toma coñecemento da providencia do Supremo e acorda dar conta ao Pleno Municipal, ao tratarse da impugnación dun acordo de dito órgano. Tamén acordan remitir a providencia ao Servizo de Planeamento para o seu coñecemento.

5. Aplicación III Fase hostalería. Apróbase a instrución de aplicación da Fase III ao sector de restauración, hostalería, discotecas e locais de ocio nocturno.

Na fase III, a ORDE SND/458/2020 mantén no artigo 18.4 a posibilidade de que o Concello conceda permiso para incrementar a superficie destinada á terraza ao aire libre, incrementando o número de mesas, respectando en todo caso a proporción do 75% entre mesas e superficie dispoñible e levando a cabo un incremento proporcional do espazo peonil no mesmo tramo da vía en que se ubique a terraza.

A fase III tamén permite a reapertura ao público de locais de hostalería e restauración para o consumo no local, sempre que non superen o 50% do seu aforo. Ademais, os locais que teñan terrazas en espazos libres privados ao aire libre (tanto con acceso directo desde o exterior como a través do local) poderán ocupalas co 75% das mesas e cadeiras contidas a súa autorización do ano 2019.

En canto locais e bares de ocio nocturno, poden proceder á reapertura ao público sempre que non superen o 75% do seu aforo e cumpran as condicións previstas no capítulo IV da citada orde. En todo caso, poderán proceder á apertura ao público das terrazas ao aire libre (tanto en viario público como en espazo libre privado) nas mesmas condicións e cos mesmos requisitos previstos para os locais de hostalería e restauración fixadas nas instrucións ditadas con anterioridade e nas ordes da autoridade sanitaria. O espazo destinado a pista de baile ou similar nestes locais, poderá usarse para instalar mesas ou agrupacións de mesas, coas condicións do resto dos locais fixadas na orde. No caso de que soliciten e obteñan autorización ou licenza para terraza por primeira vez, a ocupación efectiva debe limitarse ao 75% da ocupación autorizada neste ano 2020.